



## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO PARA EXECUTAR OBRAS DE MELLORA DO CAMIÑO RURAL QUE UNE OS LUGARES DE OUTEIRO E SEOANE

### I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

### II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de San Xoán de Río para executar obras de mellora no camiño rural que une os lugares de Outeiro e Seoane.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.





O Concello de San Xoán de Río forma parte dun entorno ambiental de gran valor paisaxístico, na provincia de Ourense, o cal merece ser posto en valor mediante unha axeitada rede de estradas.

Con esta actuación téntase mitigar a despoboación dos núcleos rurais mais pequenos. Estase a desenvolver unha crise demográfica nas áreas de interior da provincia de Ourense, o que está presente no día a día mediante a perda de convivintes nestes núcleos poboacionais por mor, en gran medida, das condicións das conexións existentes.

### **III. Finalidade**

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de San Xoán de Río o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

### **IV. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de San Xoán de Río executar obras de mellora no camiño rural que une os lugares de Outeiro e Seoane (mellora na capa de rodadura, sinalización e seguridade)

### **V. Fundamentos do convenio**

O Concello de San Xoán de Río manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto: "Mellora da capa de rodadura entre Seoane e Outeiro", debido ao deterioro do camiño rural polo





uso continuado dos vehículo e maila falta de mantemento. Así mesmo hai sinais verticais moi desgastadas ao longo do trazado e tamén se detecta a falta de elementos de protección na entrada ao núcleo de Seone.

A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o mal estado de conservación que presenta o camiño municipal.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de San Xoán de Río.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## VI. Actuación da subvención:

As actuacións céntranse no seguinte:

- reparar as deficiencias que presenta o camiño rural entre os núcleos de Seone e Outeiro a través dunha capa de rodadura baseada en microaglomerado en frío, xa que esta técnica construtiva resulta moi axeitada para vías terciarias porque, por unha banda, teñen pouco tránsito de vehículos e por outra banda, os deterioros atopados non son de moita importancia, sino mais ben superficiais. A capa deste material cumpre tamén unha función de mantemento, xa que o selado que aporta á estrada impide o progresivo deterioro da mesma. Esta solución é ademais a mais económica para o tratamento superficial da capa de rodadura.
- instalacións de barreira de seguridade tipo bionda na entrada ao núcleo de Seoane.
- instalación de sinais de perigo e prohibición.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de trinta e sete mil euros (37.000 €)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.





## VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de trinta e sete mil euros (**37.000 €**), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a 37.000 € (IVE incluído).

## VIII. Memoria económica

Para os efectos do requirido na Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gastos e ás comprobacións a realizar no marco de control interno respecto destas, este gasto ten natureza de investimento, e ten un orzamento total de 37.000 € (IVE incluído) tal e como se desagrega a continuación:

### **ORZAMENTO**

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	25.696,23 €
GASTOS XERAIS (13%)	3.340,51 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	1.541,77 €
SUMA DE GG+BI	6.421,49 €
IVE (21%)	6.421,49 €
BASE DE LICITACIÓN (CON IVE)	37.000,00 €

O proxecto subvencionado non inclúe gastos de persoal e non se trata de gastos recorrentes, polo que non procede a inclusión dos cadros "1.2. Detalle cadro persoal", "Anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes".





### VIII. Coherencia co Plan Estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seguintes criterios:

1. Territorialidade: 3200000-PROVINCIA DE OURENSE ASIGNACIÓN 20,00%

2. Fitos e Obxectivos: Estímase que esta actuación é coherente co Plan Estratéxico de Galicia, conseguinte encadre:

-Eixo: E5-Eixe 5. Gobernanza.

-Prioridade de Actuación: PA01 -Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade.

-Obxectivo Estratéxico/instrumental-E03 "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía, pola súa integridade e boa xestión".

Obxectivo operativo: O099-Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico.

Unha vez consultados os indicadores de proxectos do sistema contable XUMCO2, constátase que os indicadores de seguimento vixentes para o proxecto 2015 00088 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS son:

Indicador	Tipo Indicador	Valor vixente previsto	Valor de realización
P00076-Entidades beneficiadas	5-PEG	7,00	6

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

